

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032923	IES de Carral	Carral	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	14
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

## 1. Introdución

### Contexto

O IES de Carral é un centro educativo situado a uns 18 km da Coruña.

Non ten centros adscritos

Nel se oferta a Educación Secundaria Obrigatoria.

Conta, ademáis das aulas comúns, con diferentes aulas específicas: apoio, plástica, tecnoloxía, laboratorio de ciencias, informática. Tamén dunha biblioteca e un polideportivo

. Todas elas están preparadas para utilizar as novas tecnoloxías, o que supón unha vantaxe para utilizar os máis posibles recursos no desenrolo da programación.

Respecto ao alumnado, ten moi pouco alumnado inmigrante. A maioría é sudamericano.

Alumnos con necesidades especiales.

### Introdución

A Educación plástica, visual e audiovisual traballa na adquisición dun pensamento que se concreta en formas, actos e producións artísticas, e posúe a capacidade de xerar propostas orixinais que responden ás necesidades do individuo. Ademais disto, permite a posibilidade de actuar sobre a realidade creando propostas que prolonguen e amplíen a capacidade expresiva do ser humano

Esta materia integra todas as dimensións da imaxe (plástica, fotográfica, cinematográfica e mediática), así como a súa forma, que varía segundo os materiais, as ferramentas e os formatos utilizados. A imaxe, que pode ser bidimensional ou tridimensional, figurativa ou abstracta, fixa ou en movemento, concreta ou virtual, duradeira ou efémera, amósase a partir das diferentes técnicas que foron ampliando os rexistros da creación. A chegada dos medios tecnolóxicos contribuíu a enriquecer a disciplina, diversificando as imaxes e democratizando a práctica artística, así como a recepción cultural, pero tamén aumentou as posibilidades da súa manipulación. Por este motivo, resulta indispensable que o alumnado adquira os coñecementos, as destrezas e as actitudes que necesiten para analizar as imaxes criticamente, tendo en conta os medios de producción e tratamiento que se fai delas, co fin de cimentar un definido espírito crítico fronte as diversas manifestacións estéticas.

A materia dá continuidade ás aprendizaxes da área da Educación Plástica e Visual da etapa anterior e afonda nelas, contribuíndo a que o alumnado siga desenvolvendo o aprecio e a valoración crítica das manifestacións plásticas, visuais e audiovisuais, así como a comprensión das súas linguaxes, a través da súa posta en práctica na realización de diversas clases de producións. Esta alfabetización visual permite unha adecuada descodificación das imaxes e o desenvolvemento dun xuízo crítico sobre estas. Ademais, dado que a expresión persoal se nutre das achegas que realizaron ao longo da historia, favorece a educación no respecto polo patrimonio cultural e artístico, e a súa posta en valor.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos xerais da etapa e das competencias que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresións culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade, a aprender a aprender ou a creatividade. A orde na que aparecen os obxectivos da materia non é vinculante, polo que poden traballarse simultaneamente, mediante un desenvolvemento entrelazado. De feito, o enfoque eminentemente práctico da materia leva consigo que o alumnado se inicie na produción artística sen a necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación, que se desprenden directamente dos devanditos obxectivos, están deseñados para comprobar o grao de consecución destes por parte do alumnado.

Os criterios de avaliación e os contidos da materia articúlanse en catro bloques. O primeiro leva por título *¿Patrimonio artístico e cultural?* e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e as manifestacións culturais más destacadas. O segundo, denominado *¿Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual?* A expresión gráfica, abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, *¿Expresión artística e gráfico plástico: técnicas e procedementos?*, comprende tanto as técnicas e os procedementos gráfico plásticos como as distintas operacións plásticas e os factores e as etapas do proceso creativo. Por último, o bloque *¿Imaxe e comunicación visual e audiovisual?* incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das conviccións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respuestas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimientos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2				1-3-4	3		3-4
OBX6 - Apropiarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

**Descripción:**
**3.1. Relación de unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título</b>	<b>Descripción</b>	<b>% Peso materia</b>	<b>Nº sesións</b>	<b>1º trim.</b>	<b>2º trim.</b>	<b>3º trim.</b>
1	Trazados xeométricos básicos	Veranse o paralelismo e a perpendicularidade, a mediatrix e a bisectriz, os segmentos e ángulos e as operaciones que se poden realizar con eles	25	30	X	X	
2	Os elementos visuais	Explicaranse o punto, a liña, o plano e a textura	20	13	X		
3	Os polígonos.	Explicaranse os triángulos, cuadriláteros e os polígonos regulares	25	22		X	X
4	A luz e a cor. O claroscuro	Veranse a luz e a cor, o claroscuro como medio de representación do volumen e as técnicas para representalo: lapis de grafito e de cores.	20	28		X	X
5	A imaxe. Tipos de imáxenes.	Explicarase a imaxe, os seus tipos e funcións. A comunicación visual e as diferentes linguaxes visuais.	10	12	X		X

**3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas**

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
1	Trazados xeométricos básicos	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar os exercicios de debuxo técnico co material necesario, seguindo as explicacións recollidas, e coa destreza , precisión e limpeza requerida.	PE	40
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Explicar os pasos da execución das distintas construccóns técnicas.	TI	60
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os errores, procurando as solucións e as estratexias más adecuadas para as mellorar.	Razoar os errores dos trazados técnicos propios e alleos, e proponer solucións aos mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introdución aos sistemas de representación: vistas diédricas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Os elementos visuais	13

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analizalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Comentar e analizar as características formais de producións de diferentes tipos e épocas , dende unha perspectiva de xénero.		
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Diferenciar as características das linguaxes de diferentes obras culturais e artísticas.		
CA2.2 - Expresar ideas e sentimientos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Realizar composicións abstractas con puntos e liñas, utilizando os elementos visuais propostos y empregando distintas técnicas artísticas co fin de expresar unha determinada idea ou sentimento.	TI	100
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Desenrolar a creatividade na execución de composicións de planos e texturas, combinando distintas técnicas, incluíndo o collage.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Utilizar as súas producións artísticas como un medio de comunicación cunha intencionalidade propia.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Aproveitar as referencias culturais e artísticas da sua contorna como modelo para crear composicións propias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos más destacados.</li> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.</li> <li>- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Os polígonos.	22

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar correctamente as construcións xeométricas propostas con a destreza e precisión requeridas.	PE	40
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Enumarar os pasos necesarios na construcción das figuras xeométricas propostas.	TI	60
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimientos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Realizar composicións creativas empregando distintas formas poligonais e utilizando distintas técnicas artísticas.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Realizar unha banda decorativa empregando a simetría con diferentes formas poligonais.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os errores, procurando as solucións e as estratexias más adecuadas para as mellorar.	Recoñecer os errores propios e alleos e proponer solucións para os mesmos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- Introdución á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introdución aos sistemas de representación: vistas diédricas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A luz e a cor. O claroscuro	28

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais más relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as obras de arte dende unha perspectiva de xénero.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Valorar a importancia do respecto ao patrimonio cultural e artístico universal e galego.		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Comprender a importancia do contexto histórico nas producións artísticas, analizando as actuais.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Comentar, cos coñecementos adquiridos, diversas obras artísticas, incluidas as propias e as dos seus compañeiros, respectando a súa diversidade.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Realizar composicións volumétricas cunha intencionalidade realista.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais más relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Recoñecer a influencia do momento histórico nas producións artísticas.		
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Diferenciar as características principales das diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Diferenciar as as especificidades das linguaxes en distintas producións visuais e audiovisuais.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Aproveitar con creatividade as referencias culturais e artísticas da contorna para elaborar obras propias.		

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Utilizar as composicións propias para transmitir unha idea ou finalidade.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Valorar a importancia das manifestacións artísticas, pola sua finalidades e repercusión, na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Manifestacións culturais e artísticas más importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.</li> <li>- A lingua e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
5	A imaxe. Tipos de imáxenes.	12

Criterios de avaliação	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Valorar, atendendo aos contidos explicados, as súas obras e as dos seus compañeiros, cun sentido crítico e respectuoso.	TI	100
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Distinguir as características propias das distintas linguaxes visuais, a través de diferentes producións artísticas.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Crear composicións individuais ou colectivas, bidimensionais e tridimensionais, empregando con creatividade, materiais e técnicas diferentes.		
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais más relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Diferenciar as distintas funcións das imaxes visuais e audiovisuais, e valorar a súa importancia como medio de transmisión de mensaxes na súa contorna.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Distinguir as características propias das distintas linguaxes empregadas en diferentes producións visuais e audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Os xéneros artísticos más destacados.
- A linguaxe visual como forma de comunicación.
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

### 4.1. Concrecóns metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, para continuar analizando imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras más representativas da historia da arte. Preténdese non só, que o alumnado sexa capaz de ver, senón que tamén sexa quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula.

Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado.

Na materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual podemos utilizar distintas metodoloxías. Velaquí algunas suxestións:

- 1) Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.
- 2) Avaliación inicial, se se considera necesario, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os contidos da unidade.
- 3) É moi exemplarizante e de gran axuda, amosar os traballos realizados por alumnado doutros cursos, para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta.
- 4) Exposición dos contidos que o alumnado debe entender para a realización dos exercicios onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o traballo guiado polo profesorado.
- 5) Elaboración dos exercicios durante as horas lectivas.
- 6) Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.
- 7) Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:
  - A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
  - Os bosquejos previos e definitivos.
  - A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
  - O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

O alumnado poderá participar na selección das actividades a realizar, sempre que as súas propostas respondan aos obxectivos dos bloques de contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos fuxíbeis: carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica ou témpora das cores primarias, branca e negra.
Materiais para facer collage: papeis de diversas texturas, telas, periódicos, plásticos, imaxes impresas, etc.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia impartirse nunha aula taller con espazos diferenciados, na que se poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións do profesorado, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc.

O alumnado deberá aportar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns deste material para uso do alumnado, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma blanda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.
- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser aportados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliação inicial

### . PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

Para comezar, é importante definir que é o que se quere conseguir por medio da avaliação inicial. Canto máis concreta sexa esta definición, máis útil será para unha toma de decisións axustada.

Debe proporcionar información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra e servir como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

A segunda fase da avaliação inicial, coincidente coa de calquera proceso de avaliação, é a recollida de información. Tratarase de manter o equilibrio entre recoller todos aqueles datos que sexan precisos para o que se quere facer e centrarse só naqueles que sexan útiles para a decisión a tomar.

Os aspectos sobre os que recoller información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

O formato de recollida de información pode ir desde elaboración de cuestionarios como tarefas na Aula Virtual do centro, cuestionarios en papel, ata conversas informais, debates, etc. Tratarase de levar a cabo entre a primeira e a segunda semana do curso.

A reunión de avaliação inicial co equipo docente e o Departamento de Orientación, así como a información aportada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIÓN:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuir o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliação...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliação por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	25	20	25	20	10	100
Proba escrita	40	0	40	0	0	20

<b>Unidade didáctica</b>	<b>UD 1</b>	<b>UD 2</b>	<b>UD 3</b>	<b>UD 4</b>	<b>UD 5</b>	<b>Total</b>
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>25</b>	<b>20</b>	<b>25</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	60	100	60	100	100	<b>80</b>

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

- a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. Os traballos entregados na data indicada puntuaranse de 0 a 10; os entregados fora da data, de 0 a 5 (apto ou non apto); es os non entregados cun 0. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 1/3
- b) A través de probas teórico-prácticas, nas unidades didácticas que así o requiran. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 1/3
- c) Valoración do traballo diario na realización das tarefas esixidas. Peso porcentual na nota de cada evaluación: 1/3

É importante que se cumpran as instruccións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación e se poden aplicar en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Un exemplo dalgúns que se poden empregar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.
- Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...).
- É quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.
- Adecúase ás instruccións e condicións propostas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto.
- Nos traballos realizados en grupo, leva a cabo as tarefas asignadas e a súa participación é respectuosa.
- Entrega as tarefas en prazo.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final será a resultante da media aritmética das tres avaliacións.

### Criterios de recuperación:

#### RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O ideal para que o alumnado poida ir superando as dificultades en canto son detectadas, é que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos. Así, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir, dúas veces como máximo, os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas polo profesorado.

## RECUPERACIÓN FINAL:

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final que consistirá en:

- a) Elaboración das láminas non feitas ou suspensas. Peso porcentual na nota: 40%
- b) Proba teórico-práctica. Peso porcentual na nota: 60%

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

### SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que o alumnado terá acceso, a través da aula virtual do centro no curso RP1, o libro de texto ou os exercicios de debuxo técnico recollidos do curso pendente.

O alumnado realizará un exame, por cada avaliación, dos contidos de cada unha delas, proporcionados aos alumnos co tempo axeitado. Os alumnos poderán reunirse coa profesora, previa cita, para solucionar as dúbidas correspondentes. Non é preciso entregar exercicios de repaso, pero poden facelo se queren.

Os exames levaranse a cabo nas datas indicadas e feitas públicas dende o centro.

A nota final será a media dos exames realizados, tendo que ser de 5 como mínimo para superar a materia. Haberá un exame final no mes de xuño no caso de non ter o aprobado.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Partimos da idea do principio de individualización do ensino e de que a aula é un conxunto de diversidades. Deberemos ser flexibles á hora de adaptar a nosa programación, especialmente a metodoloxía, adoptando medidas de carácter preventivo unha vez coñezamos as características das persoas coas que imos traballar.

A nosa materia é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitud de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe. Isto será moi enriquecedor para eles pero tamén para o resto de alumnos e para nós como profesionais da educación.

Debemos partir dunha detallada avaliación inicial para coñecer ao noso alumnado. Cada curso podemos enfrentarnos ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén atoparemos alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as lingua vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Tampouco podemos esquecer ao alumnado de altas capacidades que son un desafío para o docente e unha gran fonte de inspiración para o resto de compañeiros.

Conscientes de que perseguimos acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, trataremos de ofertar unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.
- Utilizaremos multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.
- É importante, tamén, favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.
- Favoreceremos o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.
- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, segundo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaremos as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceremos os recursos de apoio que o favorezan.
- O alumnado con discapacidade que poidan ser escolarizado disporán da modalidade que lles garanta unha resposta más axeitada ás súas necesidades.
- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favoreceremos a continuidade na nosa materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.
- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

#### **MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Existen tarefas nas que sería interesante colaborar con profesores de materias afíns e complementarias podendo abordar proxectos conxuntos. Isto para os estudantes é unha aprendizaxe moito más global e permítelles entender mellor a aplicación e o sentido dos saberes.
- Unha frecuente comunicación coas familias resulta crucial nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais. Elas nos poden indicar cales son as fortalezas e a maneira más axeitada para traballar cos seus fillos. Ás veces estas familias están asesoradas por profesionais que tamén nos poden guiar á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

#### **MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Se a dispoñibilidade horaria permitise agrupamentos flexibles, sería moi favorecedor para á atención á diversidade e a elaboración de traballos con procesos técnicos más complicados, de ser necesario pola natureza do grupo.
- Dispoñemos de plans de acollida ao alumnado estranxeiro con atención educativa específica para aqueles que se incorporen tardíamente ó sistema educativo e presente graves carencias en lingua castelá e/ou galega. Isto dependerá da dispoñibilidade horaria do centro, e tendo en conta que este alumnado se incorpora co curso xa iniciado, cando os horarios xa están pechados, é de moi difícil consecución. O alumnado que se escolarice tardíamente ao noso sistema e presente un desfase curricular de máis de dous cursos incorporaranse nun curso inferior ao que lle corresponde por idade.
- Non podemos esquecer a importancia da acción titorial e da prevención do absentismo así como a indispensable colaboración co Departamento de Orientación.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X
ET.2 - expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual					X
ET.4 - Competencia dixital					X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X	X	X	X
ET.11 - Respeito mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflictos	X	X	X	X	X

**Observación:**

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obligatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os mateirais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a exposicións, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes			X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.		X	
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.	X	X	X
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagógica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.		X	X

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

### Indicadores de logro

Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaxo).
(A) Que teño en conta para medir os resultados? A nota final / o avance, tendo en conta a situación de partida.
(A) Entre avaliacións, programo un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
Metodoloxía empregada
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego todo tipo de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma / baséome nas explicacións teóricas e no libro/apuntes.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(A) Utilizo diferentes tipos de probas: exames escritos / exames orais / traballo individual / traballo en equipo.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: Non / De xeito individual / En grupo (con membros do departamento, o equipo de avaliación...) / Co alumnado.

<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(M) Os exercicios que propoño son do seguinte tipo: pechados, dirixidos... / abertos, procedimentais, proxectuais, diversos, etc. / facilitan o traballo cooperativo. / impulsan a comunicación: buscar información, interpretala, tomar decisións, crear, razonar, explicar aos demais, etc.
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade e exame.
<b>Clima de traballo na aula</b>
(M) Como paso as horas lectivas: intentando conseguir silencio / impartindo teoría e explicacións / respondendo a preguntas, fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
(AD) Que fago para coñecer a composición da clase? Pasar unha proba ao comezo do curso escolar / ler os informes anteriores / ver os resultados da avaliación / facilitáma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / facilitánma nas reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)

**Descripción:**

Para levar a cabo unha adecuada avaliación da práctica docente, é necesario ter en conta:

- Establecer indicadores de logro que servirán para comprobar o funcionamiento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Deseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro poden consistir en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos más cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavalía que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## 9. Outros apartados